

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinabetanzos.org; [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog://qdr29.blogspot.com/); info@marinabetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 08 DE MARZO DE 2010.

En Bergondo, a 08 de marzo de 2010, no local social de Santa Marta de Babío (Casal, nº13 - Bergondo) sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- o D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo*, (Sindicato Labrego Galego).
- o D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- o Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- o D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións Xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza)
- o D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural e Deportiva Val de Aranga).
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- o Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas).
- o D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- o Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- o D. Xosé Uxio Rey Fernández, en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña), acompañado por D. Xoan M. Álvarez Llana, Vicepresidente do Colexio.
- o D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- o D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. José Francisco Hurtado Durán, en representación da *mesa colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s (ONG Ecos do Sur)*.

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

1.- ENCONTRO CON RESPONSABLES DE AGADER Ó RESPECTO DO SEGUIMENTO DO PROGRAMA LEADER.

O Presidente toma a palabra para presentar ós asistentes ó Director Xeral de AGADER, D. Antonio Crespo Iglesias e de Dna. Belén Hernández Lafuente, Subdirectora de Relacións cos Grupos de D.R.'s, ó mesmo tempo que agradece a comparecencia de ámbolos dous á Xunta Directiva de “Mariñas – Betanzos”.

Ó respecto dos temas a tratar informar que, os representantes de AGADER teñen aclarado ós membros da Xunta Directiva as seguintes cuestións:

- Ó respecto da capacidade de decisión da Xunta Directiva na tramitación de expedientes LEADER, os representantes de AGADER comunican que a única decisión que ten a Xunta Directiva na tramitación de expedientes está na elaboración dos criterios de baremación, pois a aplicación dese baremo xa corresponde ó equipo técnico.
- Os representantes de AGADER comunican ós asistentes que está previsto para finais do ano 2010 o reparto da Reserva de Eficacia.
- En relación ós pagos dos gastos de funcionamento, o orzamento da Xunta non estará operativo ata finais de marzo, implicando que AGADER non poderá facer pagos ata ese momento. Os representantes de AGADER comunican ós asistentes que no mes de abril se porán ó día todos os pagos.

2. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

3. INFORME DE NOVIDADES

3.1. Proceso posta en marcha da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.

Se informa ós membros da Xunta Directiva, que “Mariñas – Betanzos” ten asumido a Secretaría deste Grupo e que o vindeiro 25 de marzo de 2010 se celebrará en Lalín (Pontevedra) unha Asemblea Extraordinaria onde se incorporarán novos Grupos de Desenvolvemento Rural e se debatirá a posibilidade de modificar os Estatutos a petición de varios Grupos. Trataranse tamén as actividades para este ano 2010: Se informa ós asistentes que os puntos a debatir sobre a modificación dos Estatutos, a proposta de varios Grupos de Desenvolvemento Rural son:

Artigo 12. Punto 1.C. Segundo os Estatutos a Presidencia estará habilitada a “ordenar os gastos e pagos da entidade, asinando xunto coa tesourería inferiores a 20.000 euros”. Segundo algún Grupo, esta cantidade pode resultar elevada. Proponse acordar en Asemblea que o gasto teña que estar previamente autorizado pola Xunta Directiva.

Método de elección da Xunta Directiva. Proponse que cada socio teña un representante na directiva, alomenos durante este ano 2010. Caso de non ter este sistema a axilidade necesaria, poderíase reducir o número de membros.

Sede actual. A sede da Asociación actualmente está en (San Marcos, s/n –Edificio Antiga Cámara Agraria-15318 Abegondo – A Coruña).

3.2. Proposta organización : “ I Xornadas de Viticultura e Desenvolvemento Rural”

Se debate na Xunta Directiva que dende a Asociación “Mariñas – Betanzos” se organicen unhas xornadas que levarán por título “Viticultura e Desenvolvemento Rural” a celebrar en Betanzos.

Se traslada tamén á Xunta Directiva que dende a Fundación Juana de Vega ser realizarán unhas xornadas o día 07 de abril de 2010 ás 16.00 horas en Betanzos. A xornadas levarán por título “I Xornadas de Viticultura e Desenvolvemento Rural: Recuperación das variedades Branco Lexítimo e Agudelo”. Por tal motivo, dende a Xunta Directiva acórdase organizar unhas xornadas similares nun futuro, tras a celebración das que realizará a Fundación Juana de Vega no mes de abril, tentando crear ese referente anual.

3.3. Publicación do Boletín nº1 e nº 2 da Asociación “Mariñas – Betanzos”

A finais do mes de Xaneiro foi enviado a todas as entidades asociadas a “Mariñas – Betanzos” o primeiro número do Boletín electrónico. O sumario deste número foi: 1) Presentación do Presidente ADR “Mariñas – Betanzos”; 2) Novas da Asociación “Mariñas – Betanzos”; 3) Programa LEADER 2007-2013; 4) Reunións das Mesas Sectoriais; 5) Un currunchito para as nosas asociacións; 6) Axenda.

A finais do mes de febreiro ten saído o segundo número deste boletín electrónico coas novidades.

Comentarios da Xunta Directiva ó respecto dos boletíns publicados: Cambiar o deseño do boletín. “Deseño máis moderno” e letra máis grande e reducir márxenes.

O Xerente do Programa comunica que se terán en conta estes comentarios para o vindeiro número (3), que sairá a finais do mes de marzo.

3.4. Informe das principais conclusións das reunións mantidas polas Mesas Sectoriais:

Mesa Sectorial do Medio Ambiente: (23/09/2009)

Proposta de creación da “Mesa da Auga” do territorio “Mariñas – Betanzos”: Se está traballando na preparación dunha metodoloxía de participación para que a Mesa do Medio Ambiente sexa o xerme da “Mesa da Auga do territorio”. En breve lanzarase o proceso de participación para elaborar o novo Plan Hidrolóxico da cunca, organizado conxuntamente co Equipo Técnico do Programa LIFE do Concello de Abegondo.

Mesa Sectorial de Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais e Anpas: (01/12/2009)

Propostas da Mesa sectorial de desenvolver proxectos en común:

CENTRO LOXÍSTICO DE COORDINACIÓN DAS ASOCIACIÓNS. Liñas xerais do proxecto: Construción ou rehabilitación dun edificio, para sede dunha entidade que coordinaría todas as asociacións, e onde se prestarían servizos de almacén, oficinas, xestores de subvencións, internet, préstamos para eventos das asociacións (cadeiras, carpas, equipos de son.....). Proposta presentada polo representante da Asociación Cultura Aberta de Carral.

PROGRAMA AFA (Programa Apoio ao Fomento Asociativo). Liñas xerais: Formación directivos de Asociacións e posibilidade de crear unha plataforma web de servizos. Proposta presentada polo representante da Asociación Cultura Aberta de Carral.

RECUPERACIÓN COLECCIÓN ETNOGRAFICA (6000 PEZAS). Liñas xerais: Pezas que actualmente están na provincia de León, e que os propietarios das pezas queren traer para Galicia. (Ver Museo Etnográfico “Benigno Eiriz” en: <http://www.alijadelinfantado.com/museo.htm>). Proposta presentada polo representante de Roxin Roxal. Se ve como necesario facer un inventario das pezas existentes, co obxecto de difundilo entre os concellos e poder analizar unha posible disgregación.

RECUPERACIÓN ANTIGA VIA XX ROMANA (Vía Per Loca Marítima). Liñas xerais: Cooperación entre varios Grupos de Desenvolvemento Rural para recuperar o Antigo Camiño Real. Percorrido: Lugo – Friol – Sobrado – Cidadela – Curtis – Mesia – Miño – As Travesas – Mesón do Vento – Laracha – Carballo – Caldas de Reis. Recuperación da antiga “PER LOCA MARÍTIMA” (VIA XX). Vese o interese do proxecto, e acórdase solicitar a primeira fase de “Deseño de actuacións”, solicitando unha axuda a liña de proxectos dinamizadores de AGADER 2010 por parte de “Mariñas – Betanzos”.

Mesa Sectorial de Turismo: (21/01/2010)

Creación dunha Asociación de Turismo Rural:

Vese como necesario dende a mesa sectorial fortalecer o tecido asociativo, proponendo traballar na constitución dunha asociación de empresas e actividades de turismo rural. O ámbito territorial sería o dos concellos de “Mariñas – Betanzos” e “Ordes” coa idea de ir traballando en conxunto a candidatura a Reserva da Biosfera.

A Asociación Grupo de Acción Local Terra das Mariñas, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e a Asociación para o Desenvolvemento da Comarca de Ordes están a apoiar a constitución dunha asociación de turismo que englobe a empresas, asociacións e demais entidades relacionadas co sector turístico (aloxamentos, restauración, servizos, etc.).

A idea da constitución de dita asociación parte dos propios interesados da Mesa do Turismo, que contactan coas asociacións antes mencionadas. Tense chegado á conclusión da necesidade de fortalecer o tecido asociativo no sector do Turismo Rural, para realizar actuacións comúns (artellar paquetes coordinados co medio ambiente e as actividades do medio rural).

A reunión da Mesa sectorial de Turismo tivo lugar o pasado 21 de xaneiro de 2010 en Fonteculler (Culleredo).

3.5. Elaboración mapa turístico “Mariñas – Betanzos”.

Se informa ós asistentes que dentro da creación da Imaxe Corporativa de “Mariñas – Betanzos”, que levou a cabo a empresa Idea Creatividad y Comunicación, S.L. está pendente de entregar o Mapa Turístico de “Mariñas – Betanzos”.

A elaboración e edición deste mapa turístico se está a levar a cabo actualmente coa colaboración dos diferentes técnicos/as dos Concellos que están aportando datos dos recursos existentes ó Equipo Técnico para ser remitida á empresa.

Agárdase poder presentar este mapa na vindeira reunión.

3.6. Informe prácticas alumnos do Máster en Dirección de Proxectos da Universidade de Santiago de Compostela.

En relación ó Convenio asinado no mes de setembro de 2009 coa Universidade de Santiago de Compostela, para a realización de prácticas de alumnos do Máster Oficial en Dirección de Proxectos, cuxo obxecto era o desenvolvemento de prácticas tuteladas do alumnado do Máster Oficial en Dirección de Proxectos na Asociación “Mariñas – Betanzos”; se informa que o alumno José Manuel Pena Alonso, ten realizado prácticas na sede de “Mariñas – Betanzos” entre o 15 de outubro e o 31 de decembro de 2009.

A tarefa principal que desenvolveu neste período foi o: “Apoio na execución e xustificación do proxecto de cooperación “Red de Espacios Ambientalmente Competitivos” (REAC 2009)”.

Con data 15 de febreiro de 2010 o coordinador de prácticas de dito máster ten enviado un correo electrónico agradecendo á Asociación “Mariñas – Betanzos” a colaboración prestada, informando que en vindeiras edicións do máster contactarán novamente coa Asociación. Os traballos realizados polo bolseiro foron moi satisfactorios.

3.7. Informe de Agader sobre as comisións por transferencias bancarias.

O día 5 de febreiro de 2010, AGADER ten remitido un correo electrónico informando sobre as Comisións por transferencias bancarias e demais gastos financeiros.

Á area xurídica de AGADER e a do Ministerio de Medio Ambiente, Rural y Marino interpretan que os gastos que as entidades bancarias cargan pola emisión de transferencia deben ser considerados como gastos financeiros, polo que de acordo cos criterios de subvencionalidade non serían elixibles.

Polo tanto, AGADER informa que a partires deste momento serán descontadas das xustificacións de gastos as cantidades que veñan asociadas a este concepto.

Durante o ano 2009 estes gastos ascenderon a 664,47 euros.

Se informa ós membros da Xunta Directiva, que estes gastos terán que ser asumidos pola propia Asociación, con fondos propios.

Por tal motivo, se propón á Xunta Directiva dúas propostas:

- Levar á Asemblea Xeral unha proposta de cota periódica ás entidades locais asociadas a “Mariñas – Betanzos”.
- Outra proposta sería que os Concellos beneficiarios dunha axuda do Programa LEADER aportaran á Asociación o 3% do total da axuda de cada proxecto subvencionado.

A Xunta Directiva acorda presentar ante a Asemblea Xeral de socios a proposta de que os Concellos beneficiarios dunha axuda do Programa LEADER aporten á Asociación o 3% do total da axuda de cada proxecto subvencionado.

Tamén acórdase que a título particular, os membros da Xunta Directiva ingresarán as axudas por desprazamentos como doazóns á Asociación.

4. PRESENTACIÓN CONTAS DO ANO 2009 E CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL: DATA E FIXACIÓN DA ORDE DO DÍA.

Presentase as contas do ano 2009 e o orzamento para o ano 2010 para a súa aprobación.

Proponse a realización da Asemblea Xeral Ordinaria para o vindeiro **LUNS, 12 DE ABRIL DE 2010**, ás 20.00 horas en convocatoria única, no Salón de actos do Local Social de A Senra do Concello de Bergondo.

Proponse como puntos na Orde do día para a Asemblea Xeral: 1) Aprobación das actividades desenvolvidas e das contas anuais do ano 2009; 2) Orzamento para o ano 2010; 3) Presentación traballo Candidatura Reserva da Biosfera Programa MaB. 4) Proposta e aprobación dunha cota periódica ós asociados (Concellos); 5) Ratificación de adhesión á Asociación Galega de Grupos de Desenvolvemento Rural. 6) Rogos e preguntas.

Se informa ós asistentes que as contas estarán a disposición dos interesados/as na Oficina Técnica do Programa LEADER en Abegondo.

A Xunta Directiva acorda celebrar á Asemblea Xeral o vindeiro 12 de abril de 2010, cos puntos de orde do día arriba mencionados; ó mesmo tempo tamén acorda presentar ante á Asemblea Xeral o informe económico anual do ano 2009, o orzamento, a memoria e as actividades previstas para o ano 2010 para a súa aprobación.

Celebrarase previamente unha Xunta Directiva ás 19.00 horas no mesmo lugar.

5. INFORME PRÓXIMA CONVOCATORIA PROXECTOS DE COOPERACIÓN DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO 2010.

Está previsto que saia a convocatoria por parte do Ministerio a finais do mes de abril.

Se baralla participar nos seguintes proxectos como impulsores:

5.1. PROXECTO “RED DE ESPACIOS AMBIENTALMENTE COMPETITIVOS” (REDEAC II)

Se buscaría con este proxecto poñer en marcha as actuacións identificadas na primeira Fase do proxecto, executada durante o ano 2009, e na que participaron 13 Grupos de desenvolvemento rural, así como “acompañar” o deseño da Candidatura a Reserva da Biosfera.

Participarían no proxecto cinco territorios que son Reserva, así como outros dous territorios que teñen os procesos de Candidatura en marcha, incorporando novos socios.

1. **Implantación de la metodología del “Club de Producto Reserva de la Biosfera”.** Con el objetivo de estructurar una puesta en valor de los recursos locales, buscando captar turistas interesados en conocer y disfrutar de territorios ambientalmente sostenibles, mediante servicios turísticos básicos y complementarios, interpretación-tematización, y consumo de productos locales (2,5 anualidades):

- **FASE I** (actuaciones previas para la definición del producto en cada territorio):
 - Difusión. Acuerdo de participación y puesta en marcha del club.
 - Evaluación del patrimonio y su grado de uso turístico actual y potencial. Identificación y valoración de los paisajes característicos.
 - Evaluación del uso público de cada territorio. Valoración de la oferta turística para componer el producto. Valoración de la demanda turística actual.
- **FASE II** (adhesión de las empresas al Club de Producto):
 - Selección previa de componentes del producto (equipamientos, servicios y productos locales).
 - Implantación del Club
 - Divulgación y captación de empresas. Formación colectiva
 - Verificación cumplimiento objetivos. Adhesión mediante Carta de compromiso
 - Entrega distintivo

- **FASE III** (acciones de implantación del Club y de apoyo-soporte):
 - Definición de paquetes – modalidades. Estructura de gestión del destino.
 - Plan de promoción – comercialización. Imagen común del producto. Seguimiento y evaluación
- 2. Creación y animación de Redes de Custodia de los Espacios Naturales**
 - Apoyo para la puesta en marcha de la Red.
 - Realización de Jornadas de difusión de la Custodia en cada Comunidad Autónoma.
 - Implantación de programas de voluntariado ambiental en tramos de ríos en cada territorio.

ACCIONES COMUNES:

ANIMACIÓN – SENSIBILIZACIÓN.

- Jornadas y seminarios.
- Trabajo con las organizaciones de base en cada territorio (empresarios turísticos; asociaciones de jóvenes y mujeres; administraciones locales, etc.).

ACCIONES DE DIFUSIÓN DEL PROYECTO

- Material promocional.

5.2. PROXECTO “BROTOS VERDES”


OBJETIVO GENERAL: El objetivo general del proyecto *BROTOS VERDES* es identificar y ensayar con cultivos tradicionales y nuevas producciones de interés que puedan generar empleo agrario.

OBJETIVOS ESPECÍFICOS:

- Identificar producciones vegetales tradicionales y nuevos cultivos con potencial en el territorio.
- Impulsar producciones sostenibles medioambientalmente.
- Frenar la pérdida de Superficie Agraria Útil y la recuperación de tierras agrarias ociosas.
- Identificar una “bolsa” de mujeres, jóvenes, desempleados y colectivos en riesgo de exclusión interesados en incorporarse a la actividad agrícola.
- Formular y aplicar metodologías de trabajo integradas, entre productores, investigadores, transformadores y/o comercializadores.
- Mejorar la información y la formación de la población sobre las posibilidades de los cultivos tradicionales y otras producciones de especial interés.
- Mejorar la transferencia de conocimientos y tecnologías a los productores.

1.1.DESCRIPCIÓN DE LAS ACTIVIDADES QUE SE PROPONEN REALIZAR.

Cuando hablamos de aplicar metodologías integradas de trabajo, hay que destacar que en este proyecto se van a establecer una colaboración entre distintos agentes del territorio, quedando la estructura organizativa de la siguiente manera:



FASE 1: OPTIMIZAR PROCESOS DE PRODUCCIÓN.

- Recopilación de condicionantes legales de producción y transformación.
- Análisis previo de las demandas de los mercados e identificación de empresas transformadoras.
- Evaluación preliminar de semillas existentes en Bancos y con especial interés agrícola.
- Análisis de la situación actual de las plantaciones tradicionales y diagnóstico de las actuaciones más idóneas para su restauración y optimización.
- Recopilación y definición de parámetros de producción y estructurales (unidades mínimas de cultivo, inversiones, rendimientos, etc.).
- Establecimiento de convenios de colaboración con Centros de Investigación agrícola.
- Identificar una “bolsa” de tierras agrarias ociosas y establecer protocolos de actuación para su incorporación al proyecto.
- Difusión y sensibilización de las posibilidades de mejora del aprovechamiento de los cultivos tradicionales y nuevos cultivos con especial interés en los territorios.
- Identificación de productores y fincas piloto para la realización de ensayos con las distintas variedades, así como establecimiento de protocolos.

- Establecimiento de convenios de colaboración con Cooperativas agrarias.
- Establecimiento de convenios de colaboración con entidades que promuevan la inclusión social, para que los colectivos en riesgo de exclusión puedan participar en este proceso de experimentación y mejorar así su empleabilidad.
- Realización de jornadas técnicas, cursos teóricos/prácticos y de actualización dirigidos a agricultores, técnicos y a la población en general.
- Reparto de semillas/plantas entre los productores para la realización de ensayos.
- Elaborar en soporte SIG (Sistema Información Geográfico) la localización fincas piloto y de áreas con aptitud para los distintos cultivos.

FASE 2: OPTIMIZAR PROCESOS DE TRANSFORMACIÓN (IDENTIFICAR NUEVAS DEMANDAS).

- Establecimiento de convenios de colaboración con Centros Tecnológicos.
- Identificar procesos de conservación y técnicas de transformación de las producciones.
- Descripción de los valores nutricionales, medicinales, etc. de las variedades cultivadas (análisis).
- Establecimiento de convenios de colaboración con empresas transformadoras.

FASE 3: OPTIMIZAR PROCESOS DE COMERCIALIZACIÓN.

- Identificar canales de distribución para estas producciones.
- Difusión y divulgación de estas producciones en ferias o eventos especializados.
- Establecimiento de convenios de colaboración con empresas comercializadoras.

FASE 4: VIABILIZAR LAS EXPERIENCIAS EN PROYECTOS EMPRESARIALES.

- Apoyo a emprendedores (viabilizando los proyectos a través de microcréditos y/o Programa LEADER).
- Seguimiento y cobertura de los proyectos que puedan servir como demostrativos.

5.3. PROXECTO “AGROINNOVA”

O obxectivo final deste proxecto sería animar, impulsar e mellorar os procesos de innovación no sector agroforestal dos territorios implicados. Para isto se diseñaría un proxecto de duración tres anos, cos seguintes obxectivos específicos:

FASE I: DIAGNOSE SITUACIÓN ACTUAL

1. Realizar unha diagnose sobre a innovación nas empresas agroindustriais e forestais nos territorios implicados.
2. Identificación da rede de servicios á innovación e de resultados transferibles ao sector.

FASE II: FOMENTO TECIDO INNOVADOR.

1. Constitución de agrupacións de empresarios interesados nos procesos de innovación (AEI).
2. Apoio ao deseño de proxectos de I+D+i e apoio na candidatura a subvencións por parte das agroempresas.
3. Fomentar as sinerxias entre universidades – empresas do territorio – centros de investigación mediante xornadas de intercambio.

FASE III: CREACIÓN DE ESTRUCTURAS ESTABLES PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN.

1. Deseño de pequenos centros piloto de Innovación en cada territorio, que contén cun técnico e con espazo para que poidan instalarse pequenas empresas desenvolvendo procesos productivos.

Acórdase deixar o debate sobre este punto número 5, para a vindeira reunión de Xunta Directiva.

6. PROCESO CANDIDATURA RESERVA BIOSFERA

Os Grupos de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos, Euroeume e Comarca de Ordes están executando o proxecto de cooperación “*Rede de Espacios Ambientalmente Competitivos: Caracterización medioambiental para impulsar a competitividade das actividades e produtos asociados*”, proxecto financiado polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño correspondente á convocatoria do ano 2009.

No ámbito deste proxecto, foi contratado á Universidade de Santiago de Compostela unha asistencia técnica, para identificar os recursos ambientais nos territorios de actuación, avaliar a viabilidade dunha declaración como Reserva da Biosfera e definir estratexias de valorización ambiental de cada territorio.

Froito deste proxecto, se ten decidido polos distintos GDR participantes continuar traballando nunha posible candidatura á Reserva da Biosfera.

Este proceso deberá contar coa implicación e participación dos distintos axentes locais (concellos, asociacións, técnicos, empresas, etc.), así como de expertos, organizándose nunha Comisión Xestora e un Grupo Técnico de traballo. Así, unha primeira fase deste proxecto consistirá na constitución tanto da Xestora como dese Grupo Técnico de traballo, sendo este último o que levará o peso da elaboración da candidatura e garantirá a participación activa dos axentes locais na mesma.

A Xunta Directiva acorda que a Comisión Xestora da Asociación “Mariñas – Betanzos” estará composta por: o Presidente; un Representante da Mesa Sectorial do Medio Ambiente (Roxin Roxal); un representante da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña) e un representante das administracións locais (Concello de Cambre).

7.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

7.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDIO PROGRAMA LEADER 2007-2013:

7.1.1. MEDIDA 411: DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

7.1.1.1. Modernización de serradoiro de madeira:

Con data 25 de xaneiro de 2010 ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda para a modernización dun serradoiro de madeira na parroquia de Cuiña (Oza dos Ríos).

A entidade promotora, Hermanos García Rocha, S.L. é un serradoiro de carácter familiar con 30 empregados, que se dedica á compra e transformación de madeira dende o ano 1956. Nos últimos anos ten emprendido un proceso de ampliación e modernización das instalacións para incrementar o valor engadido das producións do monte. Este serradoiro comercializa madeira producida nos montes da zona.

Con esta nova iniciativa pretende construír unha nave para almacenamento, acopio, clasificación e secado de madeira, que permitirá evitar oscilacións no prezo da madeira, así como ofrecer un produto de maior calidade e homoxeneidade.

Os investimentos deste proxecto de carácter produtivo ascenden a aproximadamente 41.000 euros e irían dirixidos á construción da nave para almacenamento de madeira, consolidando os empregos que ten na actualidade.

Este proxecto supera os trinta puntos polo que sería elixible.

Este é un dos sectores estratéxicos no territorio, tendo desenvolto a empresa nos últimos ano un esforzo importante por incorporar innovación que permita mellorar a competitividade. Este proxecto reúne estes requisitos de innovación.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

7.1.2. MEDIDA 413: DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

7.1.2.1. Posta en marcha dunha aula de servizos formativos en informática para o empresariado do territorio.

Con data 01 de febreiro de 2010 ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda para a posta en marcha dunha aula de servizos formativos para o empresariado do territorio.

A entidade promotora, Asociación de Empresarios de Culleredo é unha organización empresarial sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, constituída para a representación, coordinación, fomento e defensa dos intereses empresariais. Ten a súa sede na Rúa Mosteiro de Carracedo, s/n (antigas oficinas da Cross), no Burgo (Culleredo). O principal obxectivo desta Asociación é a defensa dos intereses do colectivo empresarial e a súa promoción a través de actividades e servizos adaptados as súas necesidades.

Por outra banda, tamén teñen como obxectivo prioritario a formación e a constante actualización de coñecementos, adaptada á evolución económica e tecnolóxica, dos traballadores/as do Concello e Comarca. Neste eido, a promoción e o fomento do uso das novas tecnoloxías nas empresas constitúen unha prioridade para a Asociación.

O proxecto consiste na posta en marcha dunha aula de servizos formativos en informática para o empresariado do territorio promovido pola Asociación de Empresarios de Culleredo. Ten como obxectivo a dinamización do tecido empresarial do territorio a través do fomento da utilización das TICs (tecnoloxías da información e as comunicacións), na procura de adaptarse ós novos tempos e tecnoloxías e na sensibilización e aportación ós empresarios dos coñecementos necesarios para sacar o máximo rendemento as TIC nas súas relacións coas diferentes entidades e fomentar así a competitividade e o desenvolvemento.

Esta aula contaría con equipamento informático, que permitiría poñer a disposición dos traballadores/as e empresarios/as as ferramentas axeitadas para darlles formación en novas tecnoloxías, xornadas de demostración práctica do uso da internet é capacitalos para desempeñar mellor e máis eficientemente o seu posto de traballo mellorando a súa empregabilidade. O equipamento consistiría en instalar 10 ordenadores cos seus correspondente software, programando unha oferta formativa non só para a área de Culleredo senon para todo o colectivo empresarial do territorio, xa que coa utilización da tecnoloxía e-learning non serían necesarios desprazamentos.

Os investimentos deste proxecto de carácter non produtivo ascenden aproximadamente a 15.000 euros e irían dirixidos á compra de todo o material informático (10 ordenadores co seu correspondente equipamento).

Resulta ICE desfavorable por estar en núcleo >2.000 habitantes, territorio non elixible (O Burgo).

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE desfavorable para a súa verificación a AGADER.

7.1.2.2. Creación punto de venta en explotación (Oza dos Ríos)

Con data 05 de febreiro de 2010 ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda para a creación dun punto de venta en explotación na parroquia de A Regueira (Oza dos Ríos).

O proxecto promovido Victor Manuel Sánchez, autónomo que actualmente na explotación se dedica á produción de leite e carne de vacún, así como produción de horta (30.000 kg/cota).

O proxecto de carácter produtivo consistiría en ampliar a actividade da explotación, por unha banda se elaboraría queixo artesán que se poñería a venta conxuntamente co leite cru no punto de venta directa que se pretende instalar na explotación. Tamén se comercializaría nese novo punto de venta horta de tempada.

Os investimentos que ascenderían aproximadamente a 30.000 euros irían dirixidos á compra de: cámara de curado de queixo, cuba para o queixo, tanque pequeno para venta de leite e preparación do local onde se vai a ubicar a tenda.

Este proxecto supera os trinta puntos, polo que sería elixible.

Existe unha liña específica no réxime de axudas do Programa LEADER dentro da medida 413, punto I: “Diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias: Elaboración e venda de produtos artesanais”; onde se enmarcaría este proxecto.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

7.1.2.3. Proxecto integral, sostible e divulgativo do sector lácteo (Miño)

Con data 08 de febreiro de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda para unha posta en marcha dun proxecto integral, sostible e divulgativo do sector lácteo, na parroquia de Bemantes (Concello de Miño).

A entidade solicitante, Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña, S.C.G., é unha entidade prestadora de servizos a explotacións gandeiras, nomeadamente de vacún de leite. Desenvolve dende hai máis de 15 anos tarefas de xestión e recentemente veñen de incorporar servizos de substitución e aconsellamento destinados a mellorar o rendemento das explotacións, tutelar a súa adecuación á condicionalidade e incrementar a calidade de vida das persoas que traballan nas explotacións.

A iniciativa de carácter produtivo consiste en facer diversas melloras nunha explotación láctea, concretamente en dúas naves sitas no lugar de Cancelo (Bemantes – Miño) no que se ubicaría unha Aula de formación e demostracións, así como outra construción, onde se ubicarían unhas máquinas expendedoras de leite fresco que serviría tamén como Aula formativa para grupos.

O obxecto fundamental deste proxecto sería contribuír á formación de persoal técnico que asesora no campo, a fin de mellorar este servizo: 1) formar e actualizar os coñecementos do persoal de substitución; acoller alumnos/as en prácticas para que completen a súa formación na granxa; 2) acortar a cadea de produción-consumo e ofertar un produto diferenciado a través de máquinas expendedoras de leite (punto de venda na explotación) ; 3) dispoñer dun espazo interpretativo e divulgativo sobre as explotacións leiteiras en Galicia.

Con este proxecto, dinamizaríase a zona, xa que unha das bases fundamentais do mesmo é dar a coñecer o proceso de produción do leite, e invitar a colexios, colectivos ou asociacións interesadas, consumidores/as, etc. a coñecer ás instalacións. Tamén se farán presentacións explicativas e charlas divulgativas e/ou formativas para alumnos/as en prácticas, técnicos/as do sector e axentes de substitución.

Sería unha iniciativa sostible co medio ambiente, respectuosa co medio e que buscará reducir o consumo de enerxía eléctrica, a través de investimentos para instalar un recuperador de calor no tanque de frío e placas solares para a auga quente.

Os investimentos ascenden aproximadamente a 340.000 euros e irían dirixidos ó acondicionamento e equipamento das naves. Se pretenden crear dous empregos a tempo completo.

Este proxecto supera os trinta puntos, polo que sería elixible.

Esta iniciativa incorpora elementos innovadores, que o permitiran funcionar como exemplo para outras explotacións.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

A Xunta Directiva recorda ó equipo técnico que deberán traer os puntos desagregados de todos os expedientes.

7.2. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

7.2.1. ZONA RECREATIVA E DE OCIO NATURAL EN MARTINETE – BETANZOS

Con data 30 de xullo de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada pola entidade Arco da Vella, S.L. O proxecto de carácter produtivo consiste na creación dun Centro recreativo e de ocio, respectuoso co medio ambiente, nun entorno rural, capaz de xerar unha oferta de turismo activo no Concello de Betanzos. O centro recreativo contará cun espazo para a observación das aves, parque infantil, praia fluvial, aula de natureza, granxa e horto ecolóxico.

Ademais das actuacións anteriores, se van a adecuar camiños, servidumes de paso, mellorar pistas e cercados, rehabilitar pontes, reconstruír un hórreo, restaurar muros de mampostería e cobertizos. O proxecto complementa a rehabilitación dun muíño no entorno, para restaurante, que non entra neste expediente por estar xa iniciado. Este proxecto se pode considerar innovador pola amplitude de actividades lúdicas que ofrecería de forma conxunta. Con esta iniciativa se crearán 2,5 empregos. Os investimentos aceptados son 585.788,21 euros que irán dirixidos:

Os investimentos aceptados son:

Obra civil (construcción e restauración: rehabilitación pontes, reconstrucción hórreo, restauración muros de mampostería, rehabilitación cobertizo, Granxa, aula natureza): **341.266,00.-€**

Acondicionamento zona (adecuación terreos, pistas, cercados, consolidación bosques de ribeira, espazo observación aves, adecuación praia fluvial, horto ecolóxico, viñado, adecuación parque infantil): **217.692,38.-€**

Mobiliario (balaustrada de madeira, protección baixa, sinalización camiños, luminarias, papeleiras, bancos, fontes, parque infantil:columpios, balancís, pasarela): **26.829,83.-€**

Con data 03 de febreiro de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” un Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 61,5 puntos, correspondéndolle un 40,75% de axuda, resultando un importe de 200.000.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 585.788,21.-€.

Debido a que o promotor acada o límite de axuda máximo (200.000.-€), a porcentaxe que lle correspondería para un investimento de 585.788,21 euros sería de 34,14%.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que contribúe á mellora da paisaxe do territorio e favorece a fixación da poboación no medio rural, ademais de crear emprego e un novo servizo de ocio no rural. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

7.2.2. AULA DE INFORMÁTICA NO CENTRO CULTURAL DE CAMBÁS (ARANGA)

Con data 09 de setembro de 2009 ten entrada no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada pola entidade “Consejo de Ancianos de Alto Xestoso – Cambás”. O proxecto consiste na creación dunha Aula de informática na Casa Rectoral da parroquia de Cambás (Concello de Aranga), co obxecto principal de que os/as asociados/as e as persoas maiores do Concello de Aranga e limítrofes, poidan adquirir coñecementos sobre informática, así como aplicar as novas tecnoloxías en procesos formativos. Dende esta Aula tamén se impartirán ós usuarios/as os cursos da UNED SENIOR (<http://www.xestoso.es/unedsenior.html>).

Este proxecto se considera innovador por cubrir unha necesidade social nun territorio de baixa poboación, influíndo positivamente na calidade de vida dos cidadáns, achegando as novas tecnoloxías ós nosos maiores e rehabilitando o patrimonio histórico cun uso social que asegure o seu mantemento.

Este proxecto de carácter non produtivo non incide sobre o réxime de competencia do Concello de Aranga, xa que as cotas que se poden chegar a cobrar por prestar algún servizo de ensino, a meirande parte das veces non cubrirían os custos, tendo que buscar axudas externas para poder ser financiados o 100%. Este proxecto é único no Concello de Aranga, non vulnerando a competencia. Os investimentos aceptados son 108.521,58 euros que irán dirixidos:

Os investimentos aceptados son:

Obra civil (acondicionamento local: rehabilitación edificio): **81.818,28.-€**

Equipamento calefacción (3 radiadores eléctricos baixo consumo): **4.172,52.-€**

Equipamento (20 equipos informáticos e 1 equipo multifunción): **14.349,06.-€**

Proxecto (proxecto e dirección de obra): **8.181,72.-€**

Con data 17 de febreiro de 2010, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente. **Este proxecto acadou un total de 67 puntos, correspondéndolle un 73,10% de axuda, resultando un importe de 79.329,27.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 108.521,58.-€.**

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que contribuirá a cubrir unha necesidade social nun territorio de baixa poboación, achegando as novas tecnoloxías ós nosos maiores ó mesmo tempo que se rehabilita o patrimonio histórico cun uso social que asegura o seu mantemento.

7.3. EVOLUCIÓN DO GASTO PÚBLICO COMPROMETIDO DO PROGRAMA LEADER.

ANEXO 2: EVOLUCION DOS FONDOS COMPROMETIDOS NO PROGRAMA LEADER LISTADO COMPROMISOS LEADER (FEBREIRO 2010)					
MEDIDA	TOTAL FONDOS PÚBLICOS	ICES ENVIADOS A AGADER PARA VERIFICACIÓN	IMPORTE AXUDA	IMPORTE COMPROMETIDO (APROBADOS X.D.)	RESTA POR COMPROMETER
411 (PRODUCTIVO)	851.813,38				
		TOTAL MEDIDA 411			851.813,38
412 (NON PRODUCTIVO)	611.089,01				
		LD9-41200-20-0011 RESTAURACION DE RIOS DE LAVAR E MANANCIAS	49.496,40	49.496,40	
		TOTAL MEDIDA 412	49.496,40	49.496,40	461.591,61
413 (PRODUCTIVO)	1.708.826,73				
		LD9-41300-20-002 PAPELERA E SERVIZOS DE FOTOCOPIADORA EN OZA DOS RIOS	13.371,35	13.371,35	
		LD9-41300-20-003 AMPLIACION E MODERNIZACION DE EMPRESA DE SERVIZOS NO MEDIO RURAL (CAMBRE)	18.155,17		
		LD9-41300-20-004 CREACION EMPRESA INTEGRAL DE TURISMO E SERVIZOS DE OCIO	61.740,73		
		LD9-41300-20-005 ZONA DE OCIO RECREATIVA E DE OCIO NATURAL NO MARTINETE (BETANZOS)	200.000,00		
		LD9-41300-20-007 NOVA ESCOLA INFANTIL NA LAGOA (CONCELLO DE OLEIROS)	155.320,82		
		LD9-41300-20-0015 AMPLIACION E MOD. DE EMPRESA DE SERVIZOS NO SECTOR FORESTAL (OLEIROS)	20.867,97		
		TOTAL MEDIDA 413 (PROD.)	470.458,04	13.371,35	1.690.266,38
413 (NON PRODUCTIVO)	340.725,35				
		LD9-41300-20-009 AMPLIACION REFUXO DE ANIMAS	137.380,75		
		LD9-41300-20-0015 AULA DE INFORMATICA NO CENTRO CULTURAL DE CABBAS (ARANGA)	79.329,27		
		LD9-41300-20-0022 DETECCION DE NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS... (ASOCIACION TERRA DAS MARINAS)	66.120,00		
		TOTAL MEDIDA 413 (NON PROD.)	282.830,02	0,00	340.725,35

8. ROGOS E PREGUNTAS

8.1. INFORME DE NOVIDADES

8.1.1. OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA

O día 02 de marzo de 2010, se ten recibido no rexistro do GDR un comunicado da Obra Social Caixa Galicia, onde informan que a Comisión da Obra Social da Caixa Galicia celebrada o día 25 de febreiro de 2010, ten aprobado a concesión dunha axuda ó Grupo de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” para o desenvolvemento de actividades de promoción económica, por importe de 1.500 euros.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 23.00 horas.

En Bergondo, a 08 de marzo de 2010

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes